

mento da Lei 19/1993, do 28 de decembro, sobre determinadas medidas de prevención do branqueo de capitais, aprobado polo Real decreto 925/1995, do 9 de xuño, entrarán en vigor aos 12 meses da publicación deste real decreto. A respecto das operacións comprendidas por primeira vez no ámbito do artigo 7.2 do regulamento, os suxeitos obrigados deberán incluílas a partir da primeira comunicación mensual que deba ter lugar unha vez que transcorresen 12 meses naturais completos desde a publicación deste real decreto.

Dado en Madrid o 21 de xaneiro de 2005.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno  
e ministro de Economía e Facenda,  
PEDRO SOLBES MIRA

## MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**1154** *REAL DECRETO 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros. («BOE» 19, do 22-1-2005.)*

O Real decreto 2071/1993, do 26 de novembro, relativo ás medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Económica Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros, incorporou á lexislación española a Directiva 77/93/CEE do Consello, do 21 de decembro de 1976, relativa ás medidas de protección contra a introdución na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade, e as súas modificacións posteriores até finais do ano 1993.

Nesta lexislación establécense as disposicións do réxime fitosanitario comunitario e especificanse as condicións, os procedementos e os trámites de carácter fitosanitario que deben cumprirse para a introdución de vexetais e produtos vexetais na Comunidade ou o seu desprazamento no interior desta.

Por outro lado, as modificacións posteriores da mencionada directiva foron incorporadas ao ordenamento xurídico español mediante dous reais decretos e diferentes ordes do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, sendo a última modificación a realizada pola Orde APA/1735/2004, do 7 de xuño, pola que se modifican determinados anexos do Real decreto 2071/1993, do 26 de novembro.

Coa Directiva 2000/29/CE do Consello, do 8 de maio de 2000, relativa ás medidas de protección contra a introdución na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade, derogouse a Directiva 77/93/CE, que foi substituída por un texto consolidado que non foi necesario incorporar á lexislación española ao non fornecer novas disposicións.

A Directiva 2002/89/CE do Consello, do 28 de novembro de 2002, pola que se modifica a Directiva 2000/29/CE

do Consello, do 8 de maio de 2000, relativa ás medidas de protección contra a introdución na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade, establece numerosas novas disposicións, especialmente respecto ao réxime de inspección e control das importacións de vexetais, produtos vexetais e outros obxectos, ben como varias derogacións e actualizacións do articulado, polo que se considerou necesario elaborar un novo real decreto que, polas consideracións anteriores e co albo dunha maior claridade, e, por isto, de maior seguridade xurídica, incorpore parcialmente as disposicións vixentes até a data da Directiva 2000/29/CE, excepto aquelas incluídas no Real decreto 1190/1998, do 12 de xuño, polo que se regulan os programas nacionais de erradicación ou control de organismos nocivos dos vexetais aínda non establecidos no territorio nacional, e as referentes ás taxas, que se regulan na Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal, na redacción dada pola Lei 4/2004, do 29 de decembro, de modificación de taxas e de beneficios fiscais e de acontecementos de excepcional interese público. Procede, en consecuencia, derogar o Real decreto 2071/1993, do 26 de novembro.

Por outro lado, de acordo coa Directiva 2000/29/CE, pódense definir por procedemento comunitario zonas protexidas expostas a riscos fitosanitarios específicos e concederlles unha protección especial en condicións compatibles coa realización do mercado interior.

Estas zonas definíronse na Directiva 2001/32/CE da Comisión, do 8 de maio de 2001, pola que se recoñecen determinadas zonas protexidas na Comunidade expostas a riscos fitosanitarios específicos e se derroga a Directiva 92/76/CEE.

A dita directiva e as súas modificacións posteriores foron incorporadas ao ordenamento xurídico interno mediante o citado Real decreto 2071/1993, do 26 de novembro. No entanto, a inclusión nese real decreto do disposto ao respecto das zonas protexidas nos anexos da Directiva 2000/29/CE e da Directiva 2001/32/CE presenta dificultades pola ausencia de concordancia nas epígrafes das zonas protexidas nos ditos anexos. Isto complica o seguimento da Directiva 2001/32/CE na norma española que a traspón, que segue o esquema da Directiva 2000/29/CE, para o cal se debe recorrer a unha táboa de equivalencia.

Entre estas modificacións posteriores encóntranse as establecidas nas actas do Tratado de Adhesión de 2003 dos novos Estados membros, que afectan a Directiva 2001/32/CE, algunhas das cales foron actualizadas mediante a Decisión 2004/32/CE da Comisión, do 28 de abril de 2004, que modifica a Directiva 2001/32/CE, pola que se recoñecen zonas protexidas na Comunidade expostas a riscos fitosanitarios específicos, debido ao desfase respecto á situación de determinadas zonas protexidas entre o 1 de novembro de 2002, data límite das negociacións de adhesión, e o 1 de maio de 2004, data de entrada en vigor do citado tratado, provocado polas modificacións habidas na mencionada directiva entre ambas as datas.

En consecuencia, para unha maior claridade, considérase necesario incorporar á normativa española a Directiva 2001/32/CE e as súas modificacións posteriores, nunha disposición adicional e nun anexo específico deste real decreto.

Ademais, incorpórase á normativa española mediante este real decreto a Directiva 2004/105/CE da Comisión, do 15 de outubro de 2004, pola que se fixan os modelos oficiais de certificados fitosanitarios ou certificados fitosanitarios de reexportación que deben acompañar os vexetais, produtos vexetais e outros obxectos procedentes de países terceiros e enumerados na Directiva 2000/29/CE do Consello.

O obxecto deste real decreto é establecer as medidas de protección contra a introdución no territorio nacional de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais orixinarios da Comunidade ou de países terceiros, así como da súa propagación a través da circulación de vexetais ou produtos vexetais polo territorio nacional calquera que for a súa orixe, excepto para o territorio das illas Canarias, que se encontra sometido a un réxime provisorio específico.

As disposicións previstas teñen un alcance que transcende as fronteiras do territorio nacional ao implicaren non só as importacións de vexetais e produtos vexetais de países terceiros, senón tamén o comercio intracomunitario destes; así mesmo, prevense disposicións relativas á exportación de vexetais e produtos vexetais que deben ser obxecto de controis á súa saída do territorio nacional para verificar que se cumpren as exixencias fitosanitarias particulares dos distintos países terceiros.

Establécense os organismos oficiais responsables e as funcións correspondentes no marco da aplicación da norma, determínanse as relacións de organismos nocivos de corentena obxecto de prohibicións ou restricións particulares, e fíxase o procedemento e alcance das inspeccións en orixe e a creación de rexistros de produtores, almacéns colectivos e centros de expedición, cuxos rexistrados serán obxecto daquelas e estarán suxeitos a determinadas obrigas. Por outro lado, para posibilitar a rastrexabilidade na circulación de vexetais e dos seus produtos no mercado interior, créase o pasaporte fitosanitario como documento de acompañamento e determínanse as especies e materiais que deberán circular amparados por el.

Respecto ás importacións de vexetais e produtos vexetais procedentes de países terceiros, neste real decreto determínanse os vexetais e produtos vexetais que serán obxecto de controis á súa entrada no territorio español, e establécense a tramitación preceptiva e o procedemento de inspección correspondente. Tamén se definen os modelos normalizados de certificados fitosanitarios de orixe exixidos tanto á importación como á exportación de vexetais ou produtos vexetais e se fixan os puntos de entrada no territorio español polos que preceptivamente deberán entrar os produtos que deben ser obxecto de inspección.

Finalmente, facúltase as autoridades responsables para adoptaren medidas de salvagarda ante a aparición sospeitosa ou confirmada de organismos nocivos de corentena ou non coñecidos no territorio español e determínanse as canles de información entre as administracións concernidas.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de xaneiro de 2005,

## DISPONGO:

### Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto establece as medidas de protección contra a introdución no territorio nacional de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, procedentes doutros Estados membros ou de países terceiros.

2. Así mesmo, establece:

a) As medidas de protección contra a propagación na Comunidade Europea, no sucesivo Comunidade, de organismos nocivos por medios relacionados coa circula-

ción de vexetais ou produtos vexetais e outros obxectos conexas dentro do territorio nacional.

b) O modelo de «certificado fitosanitario» e de «certificado fitosanitario de reexportación» ou os seus equivalentes electrónicos expedidos de conformidade coa Convención Internacional de Protección Fitosanitaria (CIPF), do 6 de decembro de 1951, da Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación (FAO).

3. Aplícase, igualmente, aos controis fitosanitarios que se realizan na exportación e tránsito de vexetais, produtos vexetais e outros obxectos a países terceiros.

4. Este real decreto non se aplicará nas cidades de Ceuta e Melilla.

5. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a través da Dirección Xeral de Agricultura, será a autoridade única responsable da coordinación e dos contactos que deben establecerse cos restantes Estados membros e coa Comisión Europea, no sucesivo Comisión.

### Artigo 2. *Definicións.*

1. En relación con este real decreto considéranse:

a) Vexetais: as plantas vivas e partes vivas especificadas das plantas, incluídas as sementes.

As partes vivas das plantas comprenden:

1.º Froitos: no sentido botánico do termo, que non se sometesen a conxelación.

2.º Hortalizas: que non se sometesen a conxelación.

3.º Tubérculos, bulbos, cormos, rizomas.

4.º Flores cortadas.

5.º Ramas con follas.

6.º Árbores cortadas con follas.

7.º Follas e follaxe.

8.º Cultivos de tecidos vexetais.

9.º Pole vivo.

10.º Fillos, varetas para enxerto e esgallos.

11.º Calquera outra parte vexetal que determine a normativa comunitaria.

Por sementes enténdese as sementes no sentido botánico do termo, excepto aquelas que non se destinen á sementeira.

b) Produtos vexetais: os produtos de orixe vexetal non transformados ou que fosen sometidos a unha preparación simple, sempre que non se trate de vexetais.

c) Plantación: calquera operación de colocación de vexetais cuxo fin sexa permitir o seu crecemento, reprodución ou multiplicación posteriores.

d) Vexetais destinados á plantación: vexetais xa plantados e destinados a permanecer plantados ou a seren replantados após a súa introdución, ou vexetais aínda non plantados no momento da súa introdución, pero destinados a seren plantados despois dela.

e) Organismos nocivos: calquera especie, raza ou biotipo de vexetal, animal ou axente patóxeno que sexa prexudicial para os vexetais ou produtos vexetais.

f) Pasaporte fitosanitario: unha etiqueta oficial que evidencia o cumprimento das disposicións deste real decreto en relación coas normas fitosanitarias e requisitos especiais exixidos e que foi normalizada no ámbito comunitario para os diferentes vexetais e produtos vexetais, establecida polo organismo oficial responsable e expedida conforme as disposicións de aplicación relativas aos detalles de procedemento para a expedición dos pasaportes fitosanitarios.

Para tipos especificados de produtos, poderanse establecer outros distintivos oficiais distintos ás etiquetas, que se acorden por procedemento comunitario.

g) Organismos oficiais responsables:

1.º O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, respecto aos intercambios con países terceiros e respecto das funcións que se indican no artigo 1.5 deste real decreto e o disposto no capítulo II do título II da Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal.

2.º Os órganos competentes das comunidades autónomas nos restantes casos.

Os organismos referidos poderán delegar as súas funcións, que se deberán realizar baixo a súa responsabilidade e control, en toda persoa xurídica de dereito público que, conforme os seus estatutos oficialmente aprobados, sexa responsable exclusivamente de funcións públicas específicas.

As comunidades autónomas comunicarán ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación os organismos competentes e as posibles delegacións de funcións noutros entes públicos, para a súa comunicación á Comisión.

h) Zona protexida: unha zona situada na Comunidade na cal un ou varios dos organismos nocivos indicados neste real decreto, establecidos nunha ou varias partes da Comunidade, non son endémicos nin están establecidos nela, aínda que as condicións sexan favorables para o seu establecemento; ou na cal existe o risco de establecemento de determinados organismos nocivos con base en condicións ecolóxicas favorables para determinados cultivos específicos, mesmo que os mencionados organismos non sexan endémicos nin se encontren establecidos na Comunidade, e que así se recoñecese por procedemento comunitario.

Considérase que un organismo nocivo se encontra establecido nunha rexión cando se coñeza a súa presenza nese lugar e, ou ben non se adoptasen medidas oficiais para erradicalo, ou ben estas medidas resultasen ineficaces durante un período de dous anos consecutivos como mínimo.

Os órganos competentes das comunidades autónomas efectuarán informes oficiais regulares e sistemáticos para detectar a presenza dos organismos nocivos para os cales se recoñeceu a zona protexida. Calquera indicio da presenza dun destes organismos comunicárase inmediatamente, e por calquera medio, escrito ou telemático que permita ter constancia disto, á Dirección Xeral de Agricultura do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, co fin de notificarlos á Comisión.

i) Declaracións ou medidas oficiais: entenderanse por tales unha declaración ou unha medida feita ou tomada:

1.º Por representantes da organización oficial nacional de protección de vexetais dun país terceiro ou, baixo a súa responsabilidade, por outros funcionarios tecnicamente cualificados e debidamente autorizados por estes organismos, no caso de declaracións ou medidas relacionadas coa emisión de certificados fitosanitarios, de certificados fitosanitarios de reexportación, ou o seu equivalente electrónico.

2.º Por tales representantes ou funcionarios públicos, ou por axentes cualificados empregados por un dos organismos oficiais responsables dos Estados membros, en todos os demais casos, sempre que tales axentes non teñan intereses persoais no resultado das medidas tomadas e satisfagan un nivel mínimo de coñecementos.

j) Punto de entrada: lugar polo cal os vexetais, produtos vexetais e outros obxectos son introducidos por primeira vez no territorio aduaneiro da Comunidade, a saber: o aeroporto no caso de transporte aéreo, o porto no caso de transporte marítimo ou fluvial, a primeira estación no caso de transporte ferroviario e, para todas as demais formas de transporte, o lugar da oficina de aduana responsable da zona ou fronteira terrestre de entrada na Comunidade.

k) Organismo oficial do punto de entrada: o organismo oficial de que dependa o punto de entrada, que en España é o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

l) Organismo oficial do punto de destino: o organismo oficial de que dependa a zona onde estea situada a oficina de aduana de destino.

m) Oficina de aduana do punto de entrada: a oficina do punto de entrada definida na alínea j).

n) Oficina de aduana de destino: a oficina de destino definida no número 3 do artigo 340 ter do Regulamento (CEE) n.º 2454/93 da Comisión, do 2 de xullo de 1993, polo que se fixan determinadas disposicións de aplicación do Regulamento (CEE) n.º 2913/92 do Consello, polo que se establece o Código Aduaneiro Comunitario.

ñ) Lote: conxunto de unidades dun mesmo produto, identificable pola súa homoxeneidade de composición e orixe, e incluído nun envío determinado.

o) Envío: determinada cantidade de mercadorías amparadas por unha única documentación, requirida para cumprir as formalidades aduaneiras, ou outras formalidades, como un certificado fitosanitario ou calquera outro documento ou distintivo alternativo; un envío pode estar composto por un ou varios lotes.

p) Destino aduaneiro dunha mercadoría: os destinos aduaneiros establecidos no número 15 do artigo 4 do Regulamento (CEE) n.º 2913/92 do Consello, do 12 de outubro de 1992, polo que se aproba o Código Aduaneiro Comunitario.

q) Tránsito: o traslado de produtos dun lugar a outro baixo supervisión aduaneira e dentro do territorio aduaneiro da Comunidade tal como se recolle no artigo 91 do Regulamento (CEE) n.º 2913/92 do Consello.

2. Salvo que expresamente se dispoña o contrario, as disposicións deste real decreto referiranse á madeira unicamente na medida en que esta última conserve total ou parcialmente a superficie redonda natural, con ou sen casca, ou apareza en forma de plaquiñas, particulas, serraduras, desperdicios ou refugallos de madeira.

Sen prexuízo das disposicións relativas ao anexo V, tamén se referirán á madeira que, cumpra ou non as condicións previstas no parágrafo anterior, apareza en forma de madeiros de estibar, separadores, palés ou material de embalaxe utilizados no transporte de todo tipo de mercadorías, sempre que constitúan un risco fitosanitario.

### Artigo 3. *Organismos nocivos obxecto de corentena.*

1. Os organismos nocivos que se citan nos anexos I e II se clasifican do modo seguinte:

a) Na sección I da parte A dos anexos I e II inclúense os organismos nocivos que non están presentes en ningunha parte da Comunidade e son de importancia para toda ela.

b) Na sección II da parte A dos anexos I e II inclúense os organismos que están presentes na Comunidade, ben que non son endémicos nin están establecidos en toda ela, pero que son de importancia para a Comunidade.

c) Na parte B dos anexos I e II inclúense os organismos nocivos presentes ou non na Comunidade, pero non presentes na zona protexida correspondente descrita e de importancia para ela.

2. Queda prohibida a introdución no territorio nacional dos organismos nocivos que figuren na parte A do anexo I.

3. Non se poderán introducir os vexetais e produtos vexetais que se encontren contaminados polos organismos nocivos enumerados na parte A do anexo II.

4. Os números 2 e 3 non serán de aplicación, de acordo coas condicións que, se é o caso, estableza a Comisión, no caso dunha lixeira contaminación de vexetais.

tais non destinados á plantación por organismos nocivos enumerados na parte A dos anexos I e II, ou, no caso de se estableceren tolerancias apropiadas, para os organismos nocivos enumerados na sección II da parte A do anexo II, polo que respecta a vexetais destinados á plantación, e determinados con anticipación polas autoridades fitosanitarias, de acordo coa correspondente análise de risco fitosanitario.

5. As prohibicións relativas aos números 2 e 3 tamén son de aplicación á propagación dos organismos nocivos considerados neste real decreto, polos medios relacionados coa circulación e movemento dos vexetais, produtos vexetais ou outros obxectos dentro do territorio nacional.

6. Queda prohibida a introdución e propagación nas zonas protexidas correspondentes do territorio nacional de:

a) Os organismos nocivos citados na parte B do anexo I.

b) Os vexetais e produtos vexetais citados na parte B do anexo II cando se encontren contaminados por algún dos organismos nocivos alí enumerados.

7. Para fins de ensaio ou científicos e para traballos de selección de variedades non se aplicará o disposto nos números 2, 3, 5 e 6 se se cumpren as condicións que se establezan por procedementos comunitarios, así como tampouco aquelas disposicións de aplicación que estableza a Comunidade para supostos distintos dos establecidos nos anexos I e II.

#### Artigo 4. *Vexetais, produtos vexetais e outros obxectos cuxa introdución queda prohibida.*

1. Queda prohibida a introdución no territorio nacional dos vexetais, produtos vexetais e outros obxectos que figuran na parte A do anexo III, orixinarios dos países terceiros correspondentes que se enumeran nesa parte do anexo.

2. Queda prohibida a introdución nas zonas protexidas do territorio nacional dos vexetais, produtos vexetais e outros obxectos citados na parte B do anexo III.

3. Non se aplicarán os números 1 e 2 aos traballos realizados con fins de ensaio ou científicos nin aos traballos de selección de variedades, cando se cumpran as condicións que ao respecto estableza a Comisión.

#### Artigo 5. *Exixencias particulares de corentena.*

1. Os vexetais, produtos vexetais ou outros obxectos que figuren na parte A do anexo IV só poderán ser introducidos e circular dentro do territorio nacional cando cumpran as exixencias particulares que se mencionan nesa parte do mencionado anexo, sen prexuízo das excepcións establecidas no artigo 6.9.

2. Os vexetais, produtos vexetais ou outros obxectos enumerados na parte B do anexo IV non poderán ser introducidos nin circular nas zonas protexidas que figuren nela, a menos que cumpran coas exixencias particulares alí indicadas.

3. Os números 1 e 2 non se aplicarán ao movemento de pequenas cantidades de vexetais, produtos vexetais, produtos alimenticios ou pensos para animais, destinados a seren usados polo seu propietario ou polo destinatario, con fins non industriais e non comerciais, ou a seren consumidos durante o transporte, sempre que non exista perigo de propagación de organismos nocivos.

4. Non se aplicarán os números 1, 2 e 3 aos traballos realizados con fins de ensaio ou científicos nin aos traballos de selección de variedades cando se cumpran as condicións que ao respecto estableza a Comisión.

#### Artigo 6. *Inspeccións en orixe, rexistros de produtores, almacéns colectivos e centros de expedición.*

1. Para que os vexetais, produtos vexetais e outros obxectos que se encontren enumerados na parte A do anexo V poidan ser introducidos noutros Estados membros e circular dentro do territorio nacional, tanto estes como os seus envases deberán ser examinados minuciosa e oficialmente na súa totalidade ou sobre unha mostra representativa, e, cando for necesario, tamén os vehículos que os transporten serán examinados oficialmente, para garantir:

a) Que non están contaminados polos organismos nocivos enumerados na sección II da parte A do anexo I.

b) Que os vexetais e produtos vexetais enumerados na sección II da parte A do anexo II non están contaminados polos organismos nocivos correspondentes e que figuran nesa parte do anexo.

c) Que os vexetais, produtos vexetais e outros obxectos enumerados na sección II da parte A do anexo IV cumpran coas exixencias particulares correspondentes e que figuran nesa parte.

2. Para que os vexetais, produtos vexetais e outros obxectos que se encontren enumerados na sección II da parte A do anexo V poidan ser introducidos e circular nunha zona protexida particular do territorio nacional ou da Comunidade, tanto estes como os seus envases deberán ser examinados minuciosa e oficialmente, na súa totalidade ou sobre unha mostra representativa, e, cando sexa necesario, tamén os vehículos que os transporten serán examinados oficialmente, para garantir:

a) Que non están contaminados polos organismos nocivos enumerados na parte B do anexo I, con relación á zona protexida indicada.

b) Que os vexetais e produtos vexetais enumerados na parte B do anexo II non estean contaminados polos organismos nocivos correspondentes e que figuran nesa parte do anexo, relacionados coa zona protexida indicada.

c) Que os vexetais, produtos vexetais e outros obxectos enumerados na parte B do anexo IV cumpran coas exixencias particulares correspondentes e que figuran nesa parte do anexo, relacionadas coa zona protexida indicada.

3. Para que as sementes citadas na parte A do anexo IV poidan ser introducidas noutros Estados membros da Comunidade e circular dentro do territorio nacional, deberán ser examinadas oficialmente para asegurar que cumpran as exixencias particulares correspondentes que figuran nesa parte do anexo.

4. Se durante os exames efectuados de conformidade cos números anteriores se detectasen organismos nocivos dos enumerados na sección I da parte A dos anexos I e II, considerarase que non cumpren as condicións a que fai referencia o artigo 7.

5. As disposicións dos números anteriores non serán aplicables á circulación de vexetais, produtos vexetais e outros obxectos a través dunha zona protexida ou no exterior desta, no que respecta aos organismos nocivos ou aos requisitos especiais enumerados na parte B dos anexos I, II e IV, respectivamente.

Así mesmo, as disposicións dos números 1, 2 e 3 non se aplicarán ao movemento de pequenas cantidades de vexetais, produtos vexetais, produtos alimenticios ou pensos, destinados a seren usados polo propietario ou o destinatario con fins non industriais e non comerciais ou a seren consumidos durante o transporte, sempre que non exista perigo de propagación de organismos nocivos.

6. Os controis oficiais previstos nos números 1, 2 e 3 efectuaranse consonte os seguintes criterios:

a) Aplicaranse aos vexetais ou produtos vexetais pertinentes que fosen cultivados, producidos ou utilizados polo produtor, ou que se encontren por outro motivo nos seus establecementos, así como ao medio de cultivo utilizado.

b) Realizaranse nos establecementos e, preferentemente, no lugar de produción.

c) Efectuaranse regularmente, e no momento adecuado, como mínimo unha vez ao ano e ao menos mediante observación visual, sen prexuízo das exixencias particulares enumeradas no anexo IV e nas disposicións de aplicación que se establezan por normativa comunitaria.

7. Os produtores a quen se exixan os controis oficiais previstos nos números 1, 2 e 3 estarán suxeitos ás seguintes obrigas:

a) Inscribíranse nun rexistro oficial establecido e xestionado polo organismo oficial responsable da comunidade autónoma cun número que permita a súa identificación. Estes rexistros estarán ao dispor, logo de petición, da Comisión, do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e das comunidades autónomas.

b) Deberán informar inmediatamente o organismo oficial responsable das inspeccións en orixe de toda aparición atípica de organismos nocivos ou de calquera anomalía ou síntoma que afecte os vexetais.

c) As que fixen as normas comunitarias.

8. Así mesmo, serán obxecto de rexistro e, por tanto, estarán suxeitos aos controis e obrigas establecidos nos números 6 e 7 os produtores de determinados vexetais, produtos vexetais e outros obxectos non enumerados na parte A do anexo V, especificados polas normas comunitarias, e os almacéns colectivos ou centros de expedición situados na zona de produción.

9. Na medida en que non sexa de temer a propagación de organismos nocivos, poderanse eximir:

a) Da inscrición no rexistro establecida nos números 7 e 8, os pequenos produtores ou transformadores cuxa produción e venda totais de vexetais, produtos vexetais e outros obxectos pertinentes se destinen, para a súa utilización final, a persoas que non estean profesionalmente involucradas na produción de vexetais no mercado local (circulación local).

b) Do control oficial exixido nos números 1 a 3, a circulación local de vexetais, produtos vexetais e outros obxectos producidos polas persoas a que se lles concedese esta exención.

#### Artigo 7. Pasaportes fitosanitarios.

1. Cando dos controis oficiais previstos no artigo 6 se comprobe que se cumpren as condicións que figuran nel, expedirase un pasaporte fitosanitario de acordo coas disposicións comunitarias.

Non obstante, non será preciso expedir un pasaporte fitosanitario para as sementes mencionadas no artigo 6.3 cando se garanta que os documentos expedidos conforme as disposicións comunitarias aplicables á comercialización de sementes oficialmente certificadas demostran o cumprimento dos requisitos do artigo 6.3. Nese caso, estes documentos terán a consideración de pasaportes fitosanitarios no sentido do artigo 2.1.f).

Se os controis non se refiren ás condicións propias correspondentes a zonas protexidas, ou se se considera que tales condicións non se cumpren, o pasaporte expedido non será válido para esas zonas e, por tanto, non poderá ter o distintivo reservado para tales usos, en aplicación do artigo 2.1.f).

2. Os vexetais, produtos vexetais e outros obxectos:

a) Enumerados na sección I da parte A do anexo V, ben como as sementes previstas no artigo 6.3, non poderán circular dentro da Comunidade, excepto localmente, de acordo co artigo 6.9, salvo que estes, as súas embalaxes ou os vehículos que os transporten vaian provistos dun pasaporte fitosanitario, válido para o territorio correspondente, expedido de conformidade coas disposicións do número 1.

b) Enumerados na sección II da parte A do anexo V, así como as sementes previstas no artigo 6.3, non poderán ser introducidos nunha zona protexida determinada e non poderán circular por ela, salvo que estes vaian provistos dun pasaporte fitosanitario, válido para esa zona, expedido de conformidade coas disposicións do número 1, e adherido a estes vexetais, produtos vexetais e outros obxectos, á súa embalaxe ou aos vehículos de transporte. Se se cumpren as condicións previstas no artigo 6.5, con respecto á circulación a través de zonas protexidas, non será de aplicación esta alínea b).

As disposicións das alíneas a) e b) anteriores non se aplicarán ao movemento de pequenas cantidades de vexetais, produtos vexetais, produtos alimenticios ou pensos para animais, destinados a ser usados polo propietario ou o destinatario con fins non industriais e non comerciais, ou a seren consumidos durante o transporte, sempre que non exista ningún perigo de propagación de organismos nocivos.

3. Un pasaporte fitosanitario, calquera que sexa a súa orixe, poderá ser substituído, posteriormente, por outro, en calquera lugar do territorio nacional, de conformidade coas disposicións seguintes:

a) Esta substitución só se poderá efectuar, ben en caso de división de partidas, ben por combinación de varias partidas ou de partes destas, ou ben por modificación da situación fitosanitaria das partidas, sen prexuízo dos requisitos especiais previstos no anexo IV, ou noutros casos específicos de acordo co que, se é o caso, dispoñan as normas comunitarias.

b) A substitución só se poderá efectuar por solicitude dunha persoa física ou xurídica, xa se trate dun produtor ou non, que figure inscrito nun rexistro oficial, de acordo co disposto no artigo 6.7.

c) O pasaporte de substitución só poderá ser establecido polo organismo oficial responsable da comunidade autónoma en que estea situado o establecemento que solicita a substitución e só no caso en que se poidan garantir, desde o momento en que o produtor leva a cabo o envío, a identidade do produto de que se trate e a ausencia de risco de infeccións debidas aos organismos nocivos que figuran nos anexos I e II.

d) O procedemento de substitución deberá axustarse ás disposicións que, se é o caso, se adopten por normas comunitarias.

e) O pasaporte de substitución deberá incluír un distintivo especial, especificado de acordo co que, se é o caso, sexa disposto por procedemento comunitario, e incluírá o número do produtor de orixe e, se existe un cambio do seu status fitosanitario, do operador responsable dese cambio.

4. Non se expedirán pasaportes fitosanitarios cando, á vista do exame previsto nos números 1, 2, 3 e 4 do artigo 6, non se considere que se cumpren as condicións que figuran en tales números.

5. Nos casos especiais en que, á vista dos resultados do exame efectuado, se estableza que, ou ben unha parte dos vexetais ou dos produtos vexetais cultivados, producidos ou utilizados polo produtor, ou presentes nas súas dependencias por outros motivos, ou ben unha parte do medio de cultivo utilizado, non representa ningún de propagación de organismos nocivos, non será de aplica-

ción a esa parte as disposicións do número 4, e poderá utilizarse un pasaporte fitosanitario.

6. Cando en aplicación do número 4 non se poidan estender pasaportes fitosanitarios, os vexetais, produtos vexetais ou medios de cultivo afectados serán obxecto dunha ou varias das seguintes medidas oficiais:

a) Tratamento adecuado, seguido da expedición do pasaporte fitosanitario apropiado, de conformidade co número 1, en caso de que se considere que se cumpren as condicións necesarias, como consecuencia do tratamento.

b) Autorización de circulación, baixo control oficial, cara a zonas onde non representen un risco adicional.

c) Autorización de circulación, baixo control oficial, cara a determinados lugares para a súa transformación industrial.

d) Destrución.

7. No caso de que nun establecemento se apliquen as disposicións do número 4, suspenderanse total ou parcialmente as actividades do produtor nese establecemento, até que se comprobese que se eliminou o risco de propagación de organismos nocivos. Mentres se manteña esta suspensión, non serán de aplicación as normas referentes á expedición de pasaportes fitosanitarios ou de substitución destes.

8. En canto se refire aos vexetais, produtos vexetais e outros obxectos a que se fai referencia no artigo 6.8, baseándose nun exame oficial efectuado de conformidade coas disposicións do mencionado artigo, no caso que se considere que os referidos vexetais, produtos vexetais e outros obxectos non se encontran libres dos organismos nocivos que figuran nos anexos I e II, serán de aplicación as disposicións contidas nos números 5, 6 e 7.

#### Artigo 8. *Controis fitosanitarios.*

1. En cumprimento do disposto neste real decreto, especialmente no artigo 7.2, organizaranse controis oficiais. Eses controis levaranse a cabo aleatoriamente, sen discriminación ningunha canto á orixe dos vexetais, produtos vexetais ou outros obxectos e consonte as seguintes normas:

a) Controis ocasionais en calquera momento e lugar onde circulen vexetais, produtos vexetais ou outros obxectos,

b) Controis ocasionais nas dependencias onde se cultiven, produzan, almacenen ou poñan á venda vexetais, produtos vexetais ou outros obxectos, así como nos establecementos dos compradores,

c) Controis ocasionais que coincidan con calquera outro control documental que se leve a cabo por motivos non fitosanitarios.

Os controis deberán realizarse con carácter periódico nunhas dependencias que figurarán inscritas nun rexistro oficial de conformidade co disposto no artigo 6.7 e no artigo 12.1.b), e poderán efectuarse con regularidade nas dependencias inscritas no dito rexistro.

Os controis deberán circunscribirse a determinados aspectos se existen indicios de que non se cumpríu unha ou máis das disposicións deste real decreto.

2. Os compradores mercantís de vexetais, produtos vexetais ou outros obxectos, en calidade de usuarios finais profesionalmente dedicados á produción de vexetais, deberán conservar durante un ano como mínimo os pasaportes fitosanitarios correspondentes e anotar as súas referencias nos seus rexistros. Esta obriga afecta os agricultores, silvicultores e organismos públicos que efectúen plantacións con especies vexetais que deban ir acompañadas de pasaporte fitosanitario.

Os inspectores terán acceso aos vexetais, produtos vexetais ou outros obxectos en todas as fases da cadea de produción e comercialización. Terán dereito a efectuar calquera investigación necesaria para os controis oficiais correspondentes, incluídas as dos rexistros e os pasaportes fitosanitarios.

3. Cando os controis oficiais efectuados de conformidade cos números anteriores demostren que os vexetais, produtos vexetais ou outros obxectos constitúen un risco de propagación de organismos nocivos, serán sometidos ás medidas oficiais previstas no artigo 7.6.

Sen prexuízo das notificacións e a información requiridas polo artigo 16, cando os vexetais, produtos vexetais ou outros obxectos procedan doutro Estado membro, os órganos competentes das comunidades autónomas notificarán inmediatamente ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación os resultados obtidos e as medidas oficiais que proxecten adoptar ou que adoptasen, para a súa notificación á Comisión e ao Estado membro orixe do envío.

#### Artigo 9. *Inspeccións e certificados fitosanitarios de exportación e reexportación a países terceiros.*

1. Cando, baseándose en exames oficiais e minuciosos dos vexetais, produtos vexetais ou outros obxectos, quer sexa sobre a súa totalidade quer sobre unha mostra representativa, e, cando for necesario, das embalaxes, vehículos que os transporten ou, se é o caso, por probas documentais, se considere que se cumpren as exixencias fitosanitarias do país de destino, poderase expedir un certificado fitosanitario nun exemplar único consonte o modelo que figura no anexo VI.a), cuberto, excepto no que concirne ao selo e á sinatura, en letras maiúsculas ou á máquina e de acordo coas seguintes instrucións:

a) Indicarase o nome botánico dos vexetais en caracteres latinos.

b) As alteracións ou riscaduras non certificadas invalidarán o certificado.

c) As posibles copias do certificado só deberán ser expedidas coa indicación «copia» ou «duplicado» impresa ou estampillada.

d) O certificado fitosanitario non terá validez se foi expedido con máis de 14 días de anticipación á data en que os vexetais, produtos vexetais ou outros obxectos saian cara ao país de destino.

2. Sempre que non se presente un dos casos previstos no número 3, os vexetais, produtos vexetais e outros obxectos que fosen introducidos no territorio nacional procedentes dun país terceiro, que estean destinados a ser introducidos noutro país terceiro con exixencias fitosanitarias equivalentes e que non estivesen expostos a ningún risco fitosanitario, estarán dispensados dun novo exame que cumpra co exposto no número 1 se estivesen acompañados dun certificado fitosanitario do país de orixe.

3. Cando os vexetais, produtos vexetais ou outros obxectos procedentes dun país terceiro sufrisen un fraccionamento, almacenamento ou unha modificación do envase e a seguir se destinen a ser introducidos noutro país terceiro con exixencias fitosanitarias equivalentes, non será preciso proceder a un novo exame que cumpra co disposto no número 1 se oficialmente se comproba que os ditos produtos non correrón ningún risco fitosanitario que poña en dúbida a observación das condicións enumeradas no número 1.

4. Nos casos previstos nos números 2 e 3 expedirase un certificado fitosanitario de reexportación nun exemplar único, consonte o modelo do anexo VI.b) e seguindo as instrucións que se indican no número 1 para a expedición do certificado fitosanitario.

Ao dito certificado fitosanitario de reexportación deberáselle xuntar o certificado fitosanitario do país de orixe ou a copia certificada deste.

**Artigo 10. *Vexetais, produtos vexetais e outros obxectos procedentes de países terceiros.***

1. Sen prexuízo do disposto no artigo 3.4 e nos números 1, 2, 3 e 4 do artigo 12, dos requisitos e condicións específicos establecidos nas excepcións adoptadas consonte o artigo 15.1, nas medidas de equivalencia adoptadas consonte o artigo 15.2, ou en medidas de emerxencia adoptadas consonte o artigo 16, e dos acordos específicos asinados en asuntos cubertos por este artigo entre a Comunidade e un ou máis países terceiros, os vexetais, produtos vexetais ou outros obxectos enumerados na parte B do anexo V que procedan dun país terceiro e sexan introducidos no territorio español encontraranse, desde o momento da súa entrada, baixo supervisión aduaneira consonte o artigo 37.1 do Código Aduaneiro Comunitario e tamén baixo a supervisión da Dirección Xeral de Agricultura.

Só se poderán acoller a un dos réximes aduaneiros especificados nas alíneas a), d), e), f) e g) do número 16 do artigo 4 do Código Aduaneiro Comunitario cando se levasen a cabo os trámites indicados no artigo 11 de acordo co disposto no artigo 13.2 e eses trámites permitisen concluír, na medida do posible:

a) Que os vexetais, produtos vexetais ou outros obxectos non están contaminados polos organismos nocivos enumerados na parte A do anexo I, e, no caso dos vexetais ou produtos vexetais enumerados na parte A do anexo II, que non están contaminados polos organismos nocivos indicados nese anexo, e, no caso dos vexetais, produtos vexetais ou outros obxectos enumerados na parte A do anexo IV, que cumpren os requisitos especiais pertinentes indicados nese anexo ou, cando sexa de aplicación, coa opción declarada no certificado consonte o artigo 11.4.b), e

b) Que os vexetais, produtos vexetais ou outros obxectos van acompañados do exemplar orixinal do «certificado fitosanitario» ou «certificado fitosanitario para a reexportación» expedido consonte o disposto no artigo 11.3 e 4 ou, cando así proceda, que o orixinal dos documentos alternativos ou marcas especificados e autorizados nas disposicións de aplicación acompañe ou vaia anexo ou vaia colocado no obxecto de que se trate. Estes certificados serán expedidos conforme os modelos indicados no anexo VI.c) para o certificado fitosanitario, ou no anexo VI.d) para o certificado fitosanitario de reexportación. Non obstante, até o 31 de decembro de 2009 aceptaranse certificados expedidos segundo os modelos recollidos nas alíneas e) e f) do anexo VI.

Poderase recoñecer a certificación electrónica sempre que se cumpran as respectivas condicións pormenorizadas establecidas nas disposicións comunitarias de aplicación.

Tamén se poderán recoñecer as copias certificadas oficiais en casos excepcionais, que se detallarán nas disposicións comunitarias de aplicación.

O disposto neste número entenderase sen prexuízo das excepcións establecidas polas normas comunitarias.

2. No caso dos vexetais, produtos vexetais ou outros obxectos destinados a unha zona protexida, respecto dos organismos nocivos e dos requisitos especiais que se enumeran na parte B do anexo I, na parte B do anexo II e na parte B do anexo IV, respectivamente, o número 1 aplícase para a dita zona protexida.

3. Os vexetais, produtos vexetais ou outros obxectos non enumerados nos números 1 e 2 que procedan dun país terceiro e sexan introducidos no territorio aduaneiro

nacional poderán quedar sometidos, desde o momento da súa entrada, a supervisión por parte da Dirección Xeral de Agricultura no que respecta ao número 1.a). Tales vexetais, produtos vexetais ou outros obxectos inclúen a madeira na forma de madeira para embalaxe, traveseiros, palés e outros materiais de embalaxe, que se empregan na práctica no transporte de todo tipo de obxectos.

Os vexetais, produtos vexetais ou outros obxectos correspondentes permanecerán baixo a supervisión a que se refire o número 1 até que conclúan os trámites pertinentes e eses trámites permitan comprobar, na medida en que se poida determinar, que cumpren as disposicións pertinentes establecidas neste real decreto ou consonte el.

4. Sen prexuízo do disposto no artigo 13.2.a), se existe un risco de propagación de organismos nocivos, os Estados membros aplicarán os números 1, 2 e 3 aos vexetais, produtos vexetais ou outros obxectos cuxo destino aduaneiro sexa un dos que se especifican nas alíneas b), c), d) e e) do número 15 do artigo 4 do Código Aduaneiro Comunitario, ou que estean suxeitos aos procedementos aduaneiros a que se refiren as alíneas b) e c) do número 16 do artigo 4 dese código.

**Artigo 11. *Inspección fitosanitaria de vexetais, produtos vexetais e outros obxectos procedentes de países terceiros.***

1. Os trámites indicados no artigo 10.1 consistirán en inspeccións meticulosas por parte dos inspectores fitosanitarios dos puntos de entrada baixo a responsabilidade do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, de ao menos:

a) Cada envío con respecto ao cal se declare nos trámites aduaneiros que consiste en, ou contén vexetais, produtos vexetais ou outros obxectos dos mencionados nos números 1, 2 ao 3 do artigo 10 nas condicións respectivas, ou

b) No caso dos envíos compostos de diferentes lotes, se declare nos trámites aduaneiros con respecto a cada lote que consiste en ou contén eses vexetais, produtos vexetais ou outros obxectos.

As inspeccións determinarán:

1.º Se o envío ou lote está acompañado polos certificados, documentos alternativos ou marcas exixidos, segundo se especifica no artigo 10.1.b) (controis documentais).

2.º Se o envío ou lote (na súa totalidade ou nunha ou máis mostras representativas deste) consiste en ou contén os vexetais, produtos vexetais ou outros obxectos declarados nos documentos exixidos (controis de identidade), e

3.º Se o envío ou lote (na súa totalidade ou nunha ou máis mostras representativas deste, incluídos o envase e, cando proceda, os vehículos de transporte) ou o material de envase de madeira cumpren os requisitos establecidos por este real decreto, especificados no artigo 10.1.a) (controis fitosanitarios) e se se aplica o número 2 do artigo 16.

2. Os controis de identidade e fitosanitarios levaranse a cabo con frecuencia reducida se:

a) As actividades de inspección dos vexetais, produtos vexetais ou outros obxectos remitidos no envío ou lote xa foron efectuadas no país terceiro de procedencia conforme os acordos de carácter técnico comunitarios, ou

b) Se os vexetais, produtos vexetais ou outros obxectos do envío ou lote están recollidos nas disposicións de aplicación comunitarias, ou

c) Se os vexetais, produtos vexetais ou outros obxectos do envío ou lote proceden dun país terceiro res-

pecto do cal existen disposicións en materia de controis de identidade e fitosanitarios con frecuencia reducida nos acordos internacionais de carácter xeral, que inclúan aspectos fitosanitarios, celebrados entre a Comunidade e un país terceiro sobre a base do principio de reciprocidade, ou consonte os ditos acordos.

Non se aplicarán os controis de identidade e fitosanitarios con frecuencia reducida, a menos que existan razóns de peso para crer que non se cumpren os requisitos que establece este real decreto.

De acordo co procedemento comunitario correspondente, os controis fitosanitarios poderán levarse a cabo tamén con frecuencia reducida se existen probas, baseadas na experiencia adquirida con ocasión de anteriores introducións de material da mesma orixe na Comunidade e confirmadas por todos os Estados membros interesados, que permitan crer que os vexetais, produtos vexetais ou outros obxectos do envío ou lote cumpren os requisitos establecidos neste real decreto, sempre que se cumpran as condicións especificadas nas disposicións de aplicación consonte o número 5.c).

3. O «certificado fitosanitario» ou o «certificado fitosanitario para a reexportación» indicado no artigo 9.1.b) deberá terse expedido ao menos en idioma español ou nunha das linguas oficiais da Comunidade e en cumprimento das disposicións legais ou regulamentarias do país terceiro de exportación ou reexportación, as cales deberán ter sido pola súa vez aprobadas en cumprimento do disposto na Convención Internacional de Protección Fitosanitaria, CIPF, independentemente de se o país é parte contratante ou non nesta.

O certificado non deberá ter sido expedido máis de 14 días antes da data en que os vexetais, produtos vexetais ou outros obxectos a que se refira saísen do país terceiro de expedición daquel.

O certificado deberá conter a información indicada no modelo que figura no anexo da CIPF, con independencia do seu formato.

Deberá seguir un dos modelos determinados pola Comisión conforme o número 4 e terá sido expedido polas autoridades habilitadas para tal fin polas disposicións legais ou regulamentarias do país terceiro de que se trate e notificadas, conforme o disposto na CIPF, ao director xeral da FAO ou, no caso dos países terceiros que non son partes da CIPF, á Comisión.

4. A expedición dos certificados fitosanitarios axustarase ás seguintes disposicións:

a) Sen prexuízo do disposto no artigo 15.2, os certificados correspondentes aos vexetais, produtos vexetais ou outros obxectos enumerados na sección I da parte A do anexo IV ou na súa parte B deberán especificar, cando así proceda, no número «Declaración adicional», que requisito especial dos indicados como alternativos na posición correspondente das distintas partes do anexo IV se cumpre. Esa información deberase facilitar mediante referencia ao punto pertinente do anexo IV.

b) No caso dos vexetais, produtos vexetais ou outros obxectos a que se apliquen os requisitos especiais establecidos na parte A ou na parte B do anexo IV, o «certificado fitosanitario» oficial indicado no artigo 9.1.b) deberá ter sido expedido no país terceiro de que sexan orixinarios os vexetais, produtos vexetais ou outros obxectos («país de orixe»).

c) Non obstante, no caso de os requisitos especiais correspondentes poderen tamén cumprirse en lugares distintos do de orixe ou cando non corresponda aplicar requisitos especiais, o «certificado fitosanitario» poderá ter sido expedido no país terceiro de que proceden os vexetais, produtos vexetais ou outros obxectos («país de procedencia»).

**Artigo 12. Inspección fitosanitaria de vexetais, produtos vexetais e outros obxectos procedentes de países terceiros, non declarados como tales.**

1. Os envíos ou lotes procedentes de países terceiros con respecto aos cales non se declarase nos trámites aduaneiros que consistan total ou parcialmente en vexetais, produtos vexetais ou outros obxectos enumerados na parte B do anexo V serán tamén sometidos a inspección por parte dos inspectores fitosanitarios do punto de entrada baixo a responsabilidade do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, cando existan fundadas razóns para crer que se encontren nos envíos ou lotes tales vexetais, produtos vexetais ou outros obxectos.

Se nunha inspección aduaneira se revelar que un envío ou lote procedente dun país terceiro consiste total ou parcialmente en vexetais, produtos vexetais ou outros obxectos enumerados na parte B do anexo V non declarados, a oficina de aduanas que realizou a inspección informará inmediatamente o organismo oficial do punto de entrada, conforme a cooperación a que se refire o artigo 13.4, en función das notificacións efectuadas á Comisión e aos demais Estados membros da lista de lugares designados como puntos de entrada.

Se após a inspección persisten dúbidas acerca da identidade da mercadoría, en particular no referente ao xénero, especie vexetal ou de produto vexetal ou orixe, considerarase que o envío contén vexetais, produtos vexetais ou outros obxectos enumerados na parte B do anexo V.

2. Sempre que non exista perigo de propagación de organismos nocivos na Comunidade:

a) Non se aplicará o artigo 10.1 á entrada no territorio nacional dos vexetais, produtos vexetais ou outros obxectos que sexan transportados dun punto a outro da Comunidade pasando polo territorio dun país terceiro, sen ningún cambio na súa situación aduaneira (tránsito interno).

b) Non se aplicará o artigo 10.1 nin o artigo 4.1 á entrada no territorio nacional de vexetais, produtos vexetais ou outros obxectos que sexan transportados dun punto a outro da Comunidade pasando polo seu territorio conforme os procedementos aduaneiros adecuados, sen ningún cambio na súa situación aduaneira.

3. Sen prexuízo do disposto no artigo 4 no que respecta ao anexo III e sempre que non exista perigo de propagación de organismos nocivos na Comunidade, non haberá necesidade de aplicar o artigo 10.1 á entrada no territorio nacional de pequenas cantidades de vexetais, produtos vexetais, produtos alimenticios ou pensos na medida en que fosen fabricados a partir de vexetais ou de produtos vexetais, destinados a ser usados con fins non industriais nin comerciais polo seu propietario ou destinatario, ou a seren consumidos durante o transporte.

4. Non se aplicará o artigo 10.1, nas condicións especificadas, á entrada no territorio nacional de vexetais, produtos vexetais ou outros obxectos para o seu uso en ensaios, con fins científicos ou para traballos de selección varietal.

**Artigo 13. Trámites para a importación de vexetais, produtos vexetais e outros obxectos.**

1. Os trámites previos ás inspeccións de vexetais, produtos vexetais e outros obxectos adecuaranse ás seguintes regras:

a) Os trámites indicados no artigo 11.1, as inspeccións previstas no artigo 12.1 e os controis do cumprimento do disposto no artigo 4 no que respecta ao anexo III realizaranse como se especifica no número 2, en relación cos trámites requiridos para acollerse a un réxime



aduaneiro, tal como se prevé no número 1 do artigo 10 ou no seu número 4.

b) Os importadores de vexetais ou produtos vexetais ou outros obxectos dos enumerados na parte B do anexo V, sexan produtores ou non, deben inscribirse nun rexistro oficial, cun número de rexistro oficial. Ademais, aplicaráselles o disposto no artigo 6.7.

c) Os importadores, ou os seus representantes aduaneiros, de envíos que consistan en vexetais, produtos vexetais ou outros obxectos enumerados na parte B do anexo V, ou que os conteñan, farán referencia, ao menos nun dos documentos requiridos para acollerse a un réxime aduaneiro, como se prevé no número 1 do artigo 10 ou no seu número 4, á composición do envío mediante a seguinte información:

1.º Referencia ao tipo de vexetais, produtos vexetais ou outros obxectos, mediante o código do «arancel integrado das Comunidades Europeas» (Taric).

2.º Frase: «Envío que contén produtos de interese fitosanitario», ou calquera outra marca equivalente acordada entre o despacho de aduana do punto de entrada e o organismo oficial de que depende o punto de entrada.

3.º Os números de referencia da documentación fitosanitaria exixida.

4.º O número de rexistro oficial do importador, tal como se indica na alínea b).

As autoridades aeroportuarias, as autoridades portuarias, os importadores ou outros axentes, segundo conviñesen entre si, en canto estean informados da chegada inminente deses envíos, comunicarán ese extremo por anticipado á oficina de aduana do punto de entrada e aos servizos de inspección do organismo oficial responsable do punto de entrada.

2. As inspeccións de vexetais produtos vexetais e outros obxectos axustaranse ás seguintes regras:

a) Os inspectores fitosanitarios do punto de entrada baixo a responsabilidade do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación deberán efectuar os controis documentais, as inspeccións previstas no artigo 12.1 e os controis do cumprimento do disposto no artigo 4 no que respecta ao anexo III.

b) Os controis de identidade e os controis fitosanitarios deberán ser efectuados, sen prexuízo do disposto nas alíneas c) e d), polos inspectores fitosanitarios do punto de entrada baixo a responsabilidade do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación en conexión cos trámites aduaneiros requiridos para a aplicación dun réxime aduaneiro, previstos no número 1 ou no número 4 do artigo 10, e, ben no mesmo lugar en que se realicen os ditos trámites, ben nas instalacións do punto de entrada ou de calquera outro lugar próximo, designado ou aprobado polas autoridades aduaneiras e polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, salvo o lugar en destino tal como se especifica na alínea d).

c) Non obstante, en caso de tránsito de mercadorías non comunitarias, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá decidir, de acordo co organismo oficial responsable doutro Estado membro, que todos ou parte dos controis de identidade ou fitosanitarios sexan realizados en destino. De non existir este acordo, o control de identidade ou o control fitosanitario serán realizados totalmente polos inspectores fitosanitarios do punto de entrada baixo a responsabilidade do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación en calquera dos lugares especificados na alínea b) anterior.

d) Os casos e circunstancias en que os controis de identidade e os controis fitosanitarios poderán levarse a cabo no lugar de destino serán determinados polas normas comunitarias.

e) En calquera caso, os controis fitosanitarios consideraranse parte integrante dos trámites mencionados no artigo 10.1.

3. Os orixinais respectivos ou os soportes electrónicos dos certificados ou dos documentos alternativos, excepto as marcas, a que se refire o artigo 10.1.b), que se presentan aos servizos de inspección dos puntos de entrada, dos controis documentais conforme o disposto no artigo 11.1.1.º levarán, despois de inspección, o «visado» destes, xunto coa súa denominación e a data de presentación do documento.

4. As relacións dos puntos de entrada en España para os vexetais, produtos vexetais ou outros obxectos, incluídos na parte B do anexo V, son os mencionados no anexo VIII.

5. Dentro dos límites establecidos polos créditos dispoñibles para tales fins, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá efectuar os investimentos necesarios para reforzar as infraestruturas de inspección e solicitar a participación financeira da Comunidade naqueles investimentos relacionados cos controis fitosanitarios levados de conformidade coas alíneas b) e c) do número 2, cando se cumpran as condicións mínimas fixadas por disposicións comunitarias.

6. As disposicións dos números 1 e 3 do artigo 7 aplicaranse mutatis mutandis aos vexetais, produtos vexetais ou outros obxectos mencionados no artigo 10, sempre que estean incluídos na parte A do anexo V, e que, conforme os trámites a que se refire o artigo 10.1, se considere que se cumpren as condicións establecidas nel.

7. Cando, conforme os trámites a que se refire o artigo 10.1, non se considere que se cumpren as condicións establecidas nel, adoptaranse de inmediato unha ou varias das medidas oficiais seguintes:

a) Denegación de entrada no territorio nacional de todo ou dunha parte do envío.

b) Traslado, baixo supervisión dos servizos de inspección fitosanitaria dos puntos de entrada, conforme os procedementos aduaneiros apropiados, durante a súa pasaxe polo territorio español, a un destino fóra da Comunidade.

c) Separación do material infectado ou infestado do resto do envío.

d) Destrución.

e) Imposición dun período de corentena até os resultados dos exames ou probas oficiais estaren dispoñibles.

f) Excepcionalmente e só en circunstancias específicas, tratamento apropiado cando o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación considere que, como resultado dese tratamento, se poden cumprir as condicións e que se evitou o risco de dispersión de organismos nocivos; a decisión do tratamento apropiado pode adoptarse, así mesmo, respecto de organismos nocivos que non figuren na lista do anexo I ou do anexo II.

No suposto da denegación prevista na alínea a), do traslado a un destino fóra da Comunidade mencionado na alínea b) ou da separación a que se refire a alínea c), os inspectores fitosanitarios do punto de entrada baixo a responsabilidade do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación anularán os certificados fitosanitarios ou os certificados fitosanitarios de reexportación ou calquera outro documento que se presentase cando os vexetais, os produtos vexetais ou outros obxectos fosen presentados para a súa introdución no territorio nacional. Após a súa anulación, os certificados ou documentos levarán en lugar claramente visible do anverso un selo triangular de cor vermella coa indicación «certificado anulado» ou «documento anulado», estampado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, xunto coa súa denominación e as datas de denegación, de inicio do traslado a un destino fóra da Comunidade, ou de separación. Esta

indicación deberá estar inscrita en letras maiúsculas e en idioma español, e o seu modelo figura no anexo VII.

8. Sen prexuízo das notificacións e a información requiridas en virtude do artigo 16, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación informará o servizo fitosanitario do país terceiro de orixe ou o país terceiro remitente e a Comisión sobre todos os casos en que se interceptasen vexetais, produtos vexetais ou outros obxectos procedentes do país terceiro de que se trate por non cumprir os requisitos fitosanitarios, e os motivos da interceptación, sen prexuízo das medidas que ese ministerio adoptase ou poida adoptar respecto do envío interceptado. Esta información deberase facilitar o antes posible de forma que os servizos fitosanitarios interesados e, cando así proceda, a Comisión poidan estudar o caso con vistas a adoptar as medidas adecuadas para evitar que se volvan presentar casos similares.

#### Artigo 14. *Modelo de certificados fitosanitarios.*

O formato dos «certificados fitosanitarios» e «certificados fitosanitarios de reexportación», expedidos por España, conforme a CIPF, axustarase aos modelos normalizados que figuran respectivamente nos anexos VI.a) e VI.b).

#### Artigo 15. *Excepcións ás corentenas fitosanitarias.*

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, por proposta das comunidades autónomas ou por propia iniciativa, poderá solicitar da Comisión excepcións ao disposto:

a) Nos números 1 e 2 do artigo 4 con respecto ás partes A e B do anexo III, sen prexuízo do establecido no número 3 do artigo 4.

b) Nos números 1 e 2 do artigo 5 e o terceiro suposto do artigo 10.1.a), con respecto aos requisitos a que se refiren a sección I da parte A do anexo IV e a parte B do anexo IV.

c) No artigo 10.1.b), no caso da madeira cando se dean as salvagardas equivalentes mediante outra documentación ou marcación, sempre que se estableza que non hai lugar a temer unha propagación de organismos nocivos mediante un ou varios dos factores seguintes:

- 1.º A orixe dos vexetais ou produtos vexetais.
- 2.º Un tratamento apropiado.
- 3.º Precaucións especiais para a utilización dos vexetais ou produtos vexetais.

#### Artigo 16. *Medidas de salvagarda.*

1. Os órganos competentes das comunidades autónomas notificarán por escrito inmediatamente ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, e este á Comisión e aos demais Estados membros, a través da vía correspondente, calquera presenza no seu territorio de organismos nocivos dos enumerados na sección I da parte A do anexo I ou na sección I da parte A do anexo II ou calquera aparición, nunha parte do seu territorio en que a súa presenza non fose coñecida, de calquera dos organismos nocivos enumerados na sección II da parte A do anexo I, na parte B do anexo I, na sección II da parte A do anexo II ou na parte B do anexo II.

Adoptaranse todas as medidas necesarias para a erradicación ou, se esta non for posible, o illamento do organismo nocivo en cuestión. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación informará a Comisión e os demais Estados membros das medidas adoptadas.

2. Seguindo o mesmo procedemento do número anterior, notificaráselles por escrito á Comisión e aos demais Estados membros, a través da canle correspondente, a aparición real ou sospeitosa de organismos noci-

vos non enumerados no anexo I ou anexo II cuxa presenza en territorio nacional sexa descoñecida até o momento.

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación informará por escrito, igualmente, a Comisión e os demais Estados membros das medidas de protección que se tomasen ou se vaian tomar. Estas medidas deberán ser de tal natureza que eliminen todo risco de propagación de tales organismos nocivos no territorio dos demais Estados membros.

3. No que concirne aos envíos de vexetais, produtos vexetais ou outros obxectos procedentes de países terceiros, que presenten un perigo inminente de introdución ou propagación dos organismos previstos nos números 1 e 2, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación aplicará inmediatamente as medidas necesarias para protexer deste perigo o territorio da Comunidade, do cal informará á Comisión e aos demais Estados membros a través da canle correspondente.

4. Cando o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ou as comunidades autónomas, nos seus respectivos ámbitos de competencias, consideren que existe un perigo inminente distinto do previsto no número 3, notificaránllelo por escrito inmediatamente á Comisión e aos demais Estados membros, a través da canle correspondente, as medidas que desexarían que fosen tomadas. Se se estima que estas medidas non se adoptan nun prazo adecuado para evitar a introdución ou a propagación dun organismo nocivo no territorio nacional, poderanse adoptar as disposicións provisionais que consideren necesarias, até que a Comisión, se é o caso, adopte as medidas correspondentes.

#### Disposición adicional primeira. *Obriga de fornecemento de información.*

Entre o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e as comunidades autónomas estableceranse as canles precisas de mutua información para facilitar a execución das funcións e actividades no ámbito das súas respectivas competencias.

#### Disposición adicional segunda. *Zonas protexidas.*

No anexo IX relaciónanse as zonas da Comunidade Europea que se recoñecen como zonas protexidas, con respecto aos organismos nocivos que aparecen na lista do dito anexo xunto ao seu nome, establecidas na Directiva 2001/32/CE da Comisión, do 8 de maio de 2001, pola que se recoñecen determinadas zonas protexidas na Comunidade expostas a riscos fitosanitarios específicos e se deroga a Directiva 92/76/CEE. Este anexo será modificado por orde do Ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para incorporar os cambios orixinados pola modificación comunitaria da lista de zonas protexidas ou polo vencemento dos prazos de vixencia do recoñecemento de zona protexida establecidos na Directiva 2001/32/CE.

#### Disposición transitoria única. *Réxime fitosanitario da Comunidade Autónoma de Canarias.*

En relación coas medidas de protección contra a introdución noutras zonas de España e nos demais Estados membros de organismos nocivos procedentes das illas Canarias, e contra a súa propagación nesas illas, non se aplicarán nelas até o final dun período de seis meses, contados a partir do momento en que entren en vigor en todos os Estados membros, as futuras disposicións que a Comunidade estableza, relativas aos anexos I a V, que a seguir se indican: as disposicións do artigo 1.2.a), do artigo 3.5, dos números 1 e 2 do artigo 4, do número 1, en canto á circulación dentro do territorio nacional, e do

número 2 do artigo 5, dos números 1, 2, 3, 5 e 7, en canto á circulación dentro do territorio nacional, e do número 8 do artigo 6, dos números 1 e 2 do artigo 7, do número 2 do artigo 10, e da alínea b) do número 1 e dos números 6 e 7 do artigo 13.

Até entón, e sen prexuízo das condicións que se poidan establecer para protexer a situación fitosanitaria existente nas illas Canarias, e tendo en conta a diversidade de condicións agrícolas e ecolóxicas, poderanse adoptar para as illas Canarias as medidas que se xustifiquen por motivos de protección do estado sanitario e da vida dos vexetais, e que se adapten á normativa prevista por este real decreto e as disposicións que, se é o caso, sexan adoptadas pola Comisión.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto e, en particular, o Real decreto 2071/1993, do 26 de novembro, relativo ás medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Económica Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordina-

ción da planificación xeral da actividade económica. Exceptúase do anterior a regulación relativa a intercambios con países terceiros, que se dita ao abeiro do artigo 149.1.10.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de réxime aduaneiro e arancelario e comercio exterior.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento.*

Facúltase o Ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto e, en particular, para adaptar os anexos ás modificacións que sexan introducidas neles mediante disposicións comunitarias ou nacionais e para o establecemento doutros distintivos de acordo co disposto no segundo parágrafo do artigo 2.f).

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 21 de xaneiro de 2005.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación,  
ELENA ESPINOSA MANGANA

## ANEXO I

## PARTE A

ORGANISMOS NOCIVOS CUXA INTRODUCCIÓN  
E PROPAGACIÓN SE DEBEN PROHIBIR EN TODOS  
OS ESTADOS MEMBROS

## Sección I

ORGANISMOS NOCIVOS DE CUXA PRESENZA NON SE  
TEN CONSTANCIA EN NINGÚN LUGAR DA  
COMUNIDADE E CUXOS EFECTOS SON IMPORTANTES  
PARA TODA ELA

a) Insectos, ácaros e nematodos en todas as fases do  
seu desenvolvemento

1. *Acleris* spp. (especies non europeas)
2. *Amauromyza maculosa* (Malloch)
3. *Anomala orientalis* Waterhouse
4. *Anoplophora chinensis* (Thomson)
- 4.1. *Anoplophora glabripennis* (Motschulsky).
5. *Anoplophora malasiaca* (Forster)
6. *Arrhenodes minutus* Drury
7. *Bemisia tabaci* Genn. (poboacións non europeas)  
portadoras dos virus seguintes:

- a) *Bean golden mosaic virus*
- b) *Cowpea mild mottle virus*
- c) *Lettuce infectious yellows virus*
- d) *Pepper mild tigré virus*
- e) *Squash leaf curl virus*
- f) *Euphorbia mosaic virus*
- g) *Florida tomato virus*

8. *Cicadellidae* (especies non europeas) portadoras da  
enfermidade de Pierce (causada por *Xylella fastidiosa*),  
como:

- a) *Carneocephala fulgida* Nottingham
- b) *Draeculacephala minerva* Bail
- c) *Graphocephala atropunctata* (Signoret)

9. *Choristoneura* spp. (especies non europeas)
10. *Conotrachelus nenuphar* (Herbst)
- 10.1 *Diabrotica barberi* Smith & Lawrence
- 10.2 *Diabrotica undecimpunctata howardi* Barber
- 10.3 *Diabrotica undecimpunctata undecimpunctata*  
Mannerheim
- 10.4 *Diabrotica virgifera* Le Conte
11. *Heliothis zea* (Boddie)
- 11.1. *Hirschmanniella* spp., distinta de *Hirschmanniella*  
*gracilis* (de Man) Luc & Goodey
12. *Liriomyza sativae* Blanchard
13. *Longidorus diadecturus* Eveleigh et Allen
14. *Monoctonus* spp. (especies non europeas)
15. *Myndus crudus* Van Duzee
16. *Nacobbus aberrans* (Thorne) Thorne et Allen
- 16.1. *Naupactus leucoloma* Boheman
17. *Premnotrypes* spp. (especies non europeas)
18. *Pseudopityophthorus minutissimus* (Zimmermann)
19. *Pseudopityophthorus pruinosis* (Eichhoff)
20. *Scaphoideus luteolus* (Van Duzee)
21. *Spodoptera eridania* (Cramer)

22. *Spodoptera frugiperda* (Smith)
23. *Spodoptera litura* (Fabricius)
24. *Thrips palmi* Karny

25. *Tephritidae* (especies non europeas), tales como:

- a) *Anastrepha fraterculus* (Wiedemann)
- b) *Anastrepha ludens* (Loew)
- c) *Anastrepha obliqua* Macquart
- d) *Anastrepha suspensa* (Loew)
- e) *Dacus ciliatus* Loew
- f) *Dacus cucurbitae* Coquillett
- g) *Dacus dorsalis* Hendel
- h) *Dacus tryoni* (Froggatt)
- i) *Dacus tsuneonis* Miyake
- j) *Dacus zonatus* Saund.
- k) *Epochra canadensis* (Loew)
- l) *Pardalaspis cyanescens* Bezzi
- m) *Pardalaspis quinaria* Bezzi
- n) *Pterandrus rosa* (Karsch)
- o) *Rhacochlaena japonica* Ito
- p) *Rhagoletis cingulata* (Loew)
- q) *Rhagoletis completa* Cresson
- r) *Rhagoletis fausta* (Osten-Sacken)
- s) *Rhagoletis indifferens* Curran
- t) *Rhagoletis mendax* Curran
- u) *Rhagoletis pomonella* Walsh
- v) *Rhagoletis ribicola* Doane
- w) *Rhagoletis suavis* (Loew)

26. *Xiphinema americanum* Cobb *sensu lato* (poboacións  
non europeas)
27. *Xiphinema californicum* Lamberti et Bleve-Zacheo

## b) Bacterias

1. *Xylella fastidiosa* (Well et Raju)

## c) Fungos

1. *Ceratocystis fagacearum* (Bretz) Hunt
2. *Chrysomyxa arctostaphyli* Dietel
3. *Cronartium* spp. (especies non europeas)
4. *Endocronartium* spp. (especies non europeas)
5. *Guignardia loricata* (Saw.) Yamamoto et Ito
6. *Gymnosporangium* spp. (especies non europeas)
7. *Inonotus weirii* (Murril) Kotlaba et Pouzar
8. *Melampsora farlowii* (Arthur) Davis
9. *Monilinia fructicola* (Winter) Honey
10. *Mycosphaerella larici-leptolepis* Ito et al.
11. *Mycosphaerella populorum* G. E. Thompson
12. *Phoma andina* Turkensteen
13. *Phyllosticta solitaria* Eil. et Ev.
14. *Septoria lycopersici* Speg. var. *malagutii* Ciccarone et  
Boerema
15. *Thecaphora solani* Barrus
- 15.1. *Tilletia indica* Mitra
16. *Trechispora brinkmannii* (Bresad.) Rogers

## d) Virus e organismos afíns

1. *Elm phlôm necrosis mycoplasma*
2. Virus e organismos afíns da pataca, tales como:

- a) *Andean potato latent virus*

- b) *Andean potato mottle virus*
- c) *Arracacha virus B, oca strain*
- d) *Potato black ringspot virus*
- e) *Potato spindle tuber viroid*
- f) *Potato virus T*
- g) *Varietades A, M, S, V, X e Y non europeas de virus illados da pataca (incluídas Y<sup>o</sup>, Y<sup>n</sup> e Y<sup>c</sup>); e Potato leafroll virus*

3. *Tobacco ringspot virus*4. *Tomato ringspot virus*

5. Virus e organismos afíns de *Cydonia* Mill., *Fragaria* L., *Malus* Mill., *Prunus* L., *Pyrus* L., *Ribes* L., *Rubus* L. e *Vitis* L., tales como:

- a) *Blueberry leaf mottle virus*
- b) *Cherry rasp leaf virus* (americano)
- c) *Peach mosaic virus* (americano)
- d) *Peach phony rickettsia*
- e) *Peach rosette mosaic virus*
- f) *Peach rosette mycoplasma*
- g) *Peach X-disease mycoplasma*
- h) *Peach yellows mycoplasma*
- i) *Plum line pattern virus* (americano)
- j) *Raspberry leaf curl virus* (americano)
- k) *Strawberry latent <<C>> virus*
- l) *Strawberry vein banding virus*
- m) *Strawberry witches' broom mycoplasma*
- n) Virus, e organismos afíns, non europeos de *Cydonia* Mill., *Fragaria* L., *Malus* Mill., *Prunus* L., *Pyrus* L., *Ribes* L., *Rubus* L. e *Vitis* L.

6. Virus transmitidos por *Bemisia tabaci* Genn., tales como:

- a) *Bean golden mosaic virus*
- b) *Cowpea mild mottle virus*
- c) *Lettuce infectious yellows virus*
- d) *Pepper mild tigré virus*
- e) *Squash leaf curl virus*
- f) *Euphorbia mosaic virus*
- g) *Florida tomato virus*

e) **Vexetais parasitos**

1. *Arceuthobium* spp. (especies non europeas)

## Sección II

ORGANISMOS NOCIVOS DE CUXA PRESENZA SE TEN CONSTANCIA NA COMUNIDADE E CUXOS EFECTOS SON IMPORTANTES PARA TODA ELA

a) **Insectos, ácaros e nematodos en todas as fases do seu desenvolvemento**

1. *Globodera pallida* (Stone) Behrens
2. *Globodera rostochiensis* (Wollenweber) Behrens
3. *Heliothis armigera* (Hübner)
- 6.1. *Meloidogyne chitwoodi* Golden et al. (todas as poboacións)
- 6.2. *Meloidogyne fallax* Karssen
7. *Opogona sacchari* (Bojer)
8. *Popillia japonica* Newman
- 8.1. *Rhizoeus hibisci* Kawai & Takagi
9. *Spodoptera littoralis* (Boisduval)

b) **Bacterias**

1. *Clavibacter michiganensi* (Smith) Davis et al. ssp. *sepedonicus* (Spieckermann et Kotthoff) Davis et al.
2. *Pseudomonas solanacearum* (Smith) Smith

c) **Fungos**

1. *Melampsora medusae* Thümen
2. *Synchytrium endobioticum* (Schilfersky) Percival

d) **Virus e organismos afíns**

1. *Apple proliferation mycoplasma*
2. *Apricot chlorotic leafroll mycoplasma*
3. *Pear decline mycoplasma*

## PARTE B

## ORGANISMOS NOCIVOS CUXA INTRODUCCIÓN E PROPAGACIÓN SE DEBEN PROHIBIR EN DETERMINADAS ZONAS PROTEXIDAS

a) **Insectos, ácaros e nematodos en todas as fases do seu desenvolvemento**

Especies	Zonas protexidas
1. <i>Bemisia tabaci</i> Genn (poboacións europeas)	IRL, P (Entre Douro e Miño, Tras Os Montes, Beira Litoral, Beira Interior, Ribateixo e Oeste, Alentexo, Madeira e Azores), UK, S, FIN
1.1. <i>Daktulosphaira vitifoliae</i> (Fitch)	CY
2. <i>Globodera pallida</i> (Stone) Behrens	FIN, LV, SI, SK
3. <i>Leptinotarsa decemlineata</i> Say	E (Eivissa e Menorca), IRL, CY, M, P (Azores e Madeira), UK, S (Malmöhus, Kristianstads, Blekinge, Kalmar, Gotlands Län, Halland), FIN (distritos de Åland, Turku, Uusimaa, Kymi, Häme, Pirkanmaa, Satakunta)
4. <i>Liriomyza bryoniae</i> (Kaltenbach)	IRL e UK (Irlanda do Norte)

## b) Virus e organismos afíns

Especies	Zonas protexidas
1. <i>Beet necrotic yellow vein virus</i>	DK, F (Bretaña), FIN, IRL, LT, P (Azores), UK (Irlanda do Norte).».
2. <i>Tomato spotted wilt virus</i>	S, FIN

## ANEXO II

## PARTE A

**ORGANISMOS NOCIVOS CUXA INTRODUCIÓN E PROPAGACIÓN SE DEBEN PROHIBIR EN TODOS OS ESTADOS MEMBROS, SE SE PRESENTAN EN DETERMINADOS VEXETAIS OU PRODUTOS VEXETAIS.**

## Sección I

**ORGANISMOS NOCIVOS DE CUXA PRESENZA NON SE TEN CONSTANCIA NA COMUNIDADE E CUXOS EFECTOS SON IMPORTANTES PARA TODA ELA**

## a) Insectos, ácaros e nematodos en todas as fases do seu desenvolvemento

Especies	Obxecto de contaminación
1. <i>Aculops fuchsiae</i> Keifer	Vexetais de <i>Fuchsia</i> L., destinados á plantación, excepto as sementes
2. <i>Aleurocantus</i> spp.	Vexetais de <i>Citrus</i> L., <i>Fortunella</i> Swingle, <i>Poncirus</i> Raf., e os seus híbridos, excepto os froitos e sementes
3. <i>Anthonomus bisignifer</i> (Schenkling)	Vexetais de <i>Fragaria</i> L., destinados á plantación, excepto as sementes
4. <i>Anthonomus signatus</i> (Say)	Vexetais de <i>Fragaria</i> L., destinados á plantación, excepto as sementes
5. <i>Aonidella citrina</i> Coquillet	Vexetais de <i>Citrus</i> L., <i>Fortunella</i> Swingle, <i>Poncirus</i> Raf., e os seus híbridos, excepto os froitos e sementes
6. <i>Aphelenchoides besseyi</i> Christie	Sementes de <i>Oryza</i> spp ( <i>Aphelenchoides besseyi</i> Christie non se presenta en <i>Oryza</i> spp. na Comunidade)
7. <i>Aschistonyx eppoi</i> Inouye	Vexetais de <i>Juniperus</i> L., excepto os froitos e sementes, orixinarios de países non europeos
8. <i>Bursaphelenchus xylophilus</i> (Steiner et Buher) Nickle et al.	Vexetais de <i>Abies</i> Mill., <i>Cedrus</i> Trew, <i>Larix</i> Mill., <i>Picea</i> A. Dietr., <i>Pinus</i> L., <i>Pseudotsuga</i> Carr. e <i>Tsuga</i> Carr., excepto os froitos e sementes e madeira de coníferas ( <i>Coniferales</i> ), orixinarios de países non europeos
9. <i>Carposina niponensis</i> Walsingham	Vexetais de <i>Cydonia</i> Mill., <i>Malus</i> Mill., <i>Prunus</i> L. e <i>Pyrus</i> L., excepto as sementes, orixinarios de países non europeos
10. <i>Diaphorina citri</i> Kuway	Vexetais de <i>Citrus</i> L., <i>Fortunella</i> Swingle, <i>Poncirus</i> Raf. e os seus híbridos, e <i>Murraya</i> König, excepto os froitos e sementes
11. <i>Enammonia packardi</i> (Zeller)	Vexetais de <i>Cydonia</i> Mill., <i>Malus</i> Mill., <i>Prunus</i> L. e <i>Pyrus</i> L., excepto as sementes, orixinarios de países non europeos
12. <i>Enammonia prunivora</i> Walsh	Vexetais de <i>Crataegus</i> L., <i>Malus</i> Mill., <i>Photinia</i> Ldl., <i>Prunus</i> L. e <i>Rosa</i> L., para a plantación, excepto as sementes e froitos de <i>Malus</i> Mill. e <i>Prunus</i> L., orixinarios de países non europeos
13. <i>Eotetranychus lewisi</i> McGregor	Vexetais de <i>Citrus</i> L., <i>Fortunella</i> Swingle, <i>Poncirus</i> Raf., e os seus híbridos, excepto os froitos e sementes
15. <i>Grapholita inopinata</i> Heinrich	Vexetais de <i>Cydonia</i> Mill., <i>Malus</i> Mill., <i>Prunus</i> L. e <i>Pyrus</i> L., excepto as sementes, orixinarios de países non europeos
16. <i>Hishomonus phycitis</i>	Vexetais de <i>Citrus</i> L., <i>Fortunella</i> Swingle, <i>Poncirus</i> Raf., e os seus híbridos, excepto os froitos e sementes
17. <i>Leucaspis japonica</i> Ckll.	Vexetais de <i>Citrus</i> L., <i>Fortunella</i> Swingle, <i>Poncirus</i> Raf., e os seus híbridos, excepto os froitos e sementes
18. <i>Listronotus bonariensis</i> (Kuschel)	Sementes de <i>Cruciferae</i> , <i>Gramineae</i> e <i>Trifolium</i> spp., orixinarias da Arxentina, Australia, Bolivia, Chile, Nova Zelandia e Uruguai

Especies	Obxecto de contaminación
19. <i>Margarodes</i> , especies non europeas, tales como: a) <i>Margarodes vitis</i> (Phillipi) b) <i>Margarodes vredendalensis</i> de Klerk c) <i>Margarodes prieskaensis</i> Jakubski	Vexetais de <i>Vitis</i> L., excepto os froitos e sementes
20. <i>Numonia pyrivorella</i> (Matsumura)	Vexetais de <i>Pyrus</i> L., excepto as sementes, orixinarios de países non europeos
21. <i>Oligonychus perditus</i> Pritchard et Baker	Vexetais de <i>Juniperus</i> L., excepto os froitos e sementes, orixinarios de países non europeos
22. <i>Pissodes</i> spp. (especies non europeas)	Vexetais de coníferas ( <i>Coniferales</i> ), excepto os froitos e sementes, madeira de coníferas ( <i>Coniferales</i> ) con casca e casca illada de coníferas ( <i>Coniferales</i> ) orixinarios de países non europeos
23. <i>Radopholus citrophilus</i> Huettel Dickson et Kaplan	Vexetais de <i>Citrus</i> L., <i>Fortunella</i> Swingle, e <i>Poncirus</i> Raf., e os seus híbridos, excepto os froitos e sementes, e vexetais de <i>Araceae</i> , <i>Marantaceae</i> , <i>Musaceae</i> , <i>Persea</i> spp., <i>Strelitziaceae</i> , con raíces ou medio de cultivo unido ou adxunto
24. <i>Saissetia nigra</i> (Niètm.)	Vexetais de <i>Citrus</i> L., <i>Fortunella</i> Swingle, <i>Poncirus</i> Raf., e os seus híbridos, excepto os froitos e sementes
25. <i>Scirtothrips aurantii</i> Faure	Vexetais de <i>Citrus</i> L., <i>Fortunella</i> Swingle, <i>Poncirus</i> Raf., e os seus híbridos, excepto as sementes
26. <i>Scirtothrips dorsalis</i> Hood	Vexetais de <i>Citrus</i> L., <i>Fortunella</i> Swingle, <i>Poncirus</i> Raf., e os seus híbridos, excepto os froitos e sementes
27. <i>Scirtothrips citri</i> (Moultex)	Vexetais de <i>Citrus</i> L., <i>Fortunella</i> Swingle, <i>Poncirus</i> Raf., e os seus híbridos, excepto as sementes
28. <i>Scolytidae</i> spp. (especies non europeas)	Vexetais de coníferas ( <i>Coniferales</i> ) de 3 m de altura mínima, excepto os froitos e sementes, madeira de coníferas ( <i>Coniferales</i> ) con casca e casca illada de coníferas ( <i>Coniferales</i> ) orixinarios de países non europeos
29. <i>Tachypterellus quadrigibbus</i> Say	Vexetais de <i>Cydonia</i> Mill., <i>Malus</i> Mill., <i>Prunus</i> L. e <i>Pyrus</i> L., excepto as sementes, orixinarios de países non europeos
30. <i>Toxoptera citricida</i> Kirk.	Vexetais de <i>Citrus</i> L., <i>Fortunella</i> Swingle, <i>Poncirus</i> Raf., e os seus híbridos, excepto os froitos e sementes
31. <i>Trioza erytrae</i> do Guercio	Vexetais de <i>Citrus</i> L., <i>Fortunella</i> Swingle, <i>Poncirus</i> Raf., e os seus híbridos, e <i>Clausena</i> Burm. f., excepto os froitos e sementes
32. <i>Unaspis citri</i> Comstock	Vexetais de <i>Citrus</i> L., <i>Fortunella</i> Swingle, <i>Poncirus</i> Raf., e os seus híbridos, excepto os froitos e sementes

#### b) Bacterias

Especies	Obxecto de contaminación
1. Citrus greening bacterium	Vexetais de <i>Citrus</i> L., <i>Fortunella</i> Swingle, <i>Poncirus</i> Raf., e os seus híbridos, excepto os froitos e sementes
2. Citrus variegated chlorosis	Vexetais de <i>Citrus</i> L., <i>Fortunella</i> Swingle, <i>Poncirus</i> Raf., e os seus híbridos, excepto os froitos e sementes
3. <i>Erwinia stewartii</i> (Smith) Dye	Sementes de <i>Zea mais</i> L.
4. <i>Xanthomonas campestris</i> (todas as estirpes patóxenas para Citrus)	Vexetais de <i>Citrus</i> L., <i>Fortunella</i> Swingle, <i>Poncirus</i> Raf., e os seus híbridos, excepto as sementes
5. <i>Xanthomonas campestris</i> pv. <i>oryzae</i> (Ishiyama) Dye e pv. <i>oryzicola</i> (Fang. et al.) Dye	Sementes de <i>Oryza</i> spp

#### c) Fungos

Especies	Obxecto de contaminación
1. <i>Alternaria alternata</i> (Fr.) Keissler (patóxenos illados non europeos)	Vexetais de <i>Cydonia</i> Mill., <i>Malus</i> Mill. e <i>Pyrus</i> L. destinados á plantación, excepto as sementes, e orixinarios de países non europeos
1.1. <i>Anisogramma anomala</i> (Peck) E. Müller	Vexetais de <i>Corylus</i> L., destinados á plantación, excepto as sementes, orixinarios do Canadá e os Estados Unidos de América
2. <i>Apiosporina morbosa</i> (Schwein.) v. Arx	Vexetais de <i>Prunus</i> L., destinados á plantación, excepto as sementes

Especies	Obxecto de contaminación
3. <i>Atropellis</i> spp.	Vexetais de <i>Pinus</i> L., excepto os froitos e sementes, casca illada e madeira de <i>Pinus</i> L.
4. <i>Ceratocystis coerulescens</i> (Münch) Bakshi	Vexetais de <i>Acer saccharum</i> Marsh, excepto os froitos e sementes, orixinarios de países de Norteamérica, madeira de <i>Acer saccharum</i> Marsh., incluída a madeira que non conserva a súa superficie arredondada natural, orixinaria de países de Norteamérica
5. <i>Cercoseptoria pini-densiflorae</i> (Hori et Nambu) Deighton	Vexetais de <i>Pinus</i> L., excepto os froitos e sementes, e madeira de <i>Pinus</i> L.
6. <i>Cercospora angolensis</i> Carv. et Mendes	Vexetais de <i>Citrus</i> L., <i>Fortunella</i> Swingle, <i>Poncirus</i> Raf., e os seus híbridos, excepto as sementes
7. <i>Ciborinia camelliae</i> Kohn	Vexetais de <i>Camelia</i> L., destinados á plantación, excepto as sementes, e orixinarios de países non europeos
8. <i>Diaporthe vaccinii</i> Shaer	Vexetais de <i>Vaccinium</i> spp., destinados á plantación, excepto as sementes
9. <i>Elsinoe</i> spp. Bitanc. et Jenk. Mendes	Vexetais de <i>Fortunella</i> Swingle, <i>Poncirus</i> Raf., e os seus híbridos, excepto os froitos e sementes, e vexetais de <i>Citrus</i> L. e os seus híbridos, excepto as sementes e os froitos a excepción dos froitos de <i>Citrus reticulata</i> Blanco e de <i>Citrus sinensis</i> (L.) Osbeck orixinarios de América do Sur
10. <i>Fusarium oxysporum</i> f. sp. <i>albedinis</i> (Kilian et Maire) Gordon	Vexetais de <i>Phoenix</i> spp., excepto os froitos e sementes
11. <i>Guignardia citricarpa</i> Kiely (todas as estirpes patóxenas para Citrus)	Vexetais de <i>Citrus</i> L., <i>Fortunella</i> Swingle, <i>Poncirus</i> Raf., e os seus híbridos, excepto as sementes
12. <i>Guignardia piricola</i> (Nosa) Yamamoto	Vexetais de <i>Cydonia</i> Mill., <i>Malus</i> Mill., <i>Prunus</i> L. e <i>Pyrus</i> L., excepto as sementes, orixinarios de países non europeos
13. <i>Puccinia pittieriana</i> Hennings	Vexetais de <i>Solanaceae</i> , excepto os froitos e sementes
14. <i>Scirrhia acicola</i> (Dearn.) Siggers	Vexetais de <i>Pinus</i> L., excepto os froitos e sementes
15. <i>Venturia nashicola</i> Tanaka et Yamamoto	Vexetais de <i>Pyrus</i> L., destinados á plantación, excepto as sementes, orixinarios de países non europeos

## d) Virus e organismos afíns

Especies	Obxecto de contaminación
1. <i>Beet curly top virus</i> (estirpes non europeas)	Vexetais de <i>Beta vulgaris</i> L., destinados á plantación, excepto as sementes
2. <i>Black raspberry latent virus</i>	Vexetais de <i>Rubus</i> L., destinados á plantación
3. <i>Blight</i> e análogos	Vexetais de <i>Citrus</i> L., <i>Fortunella</i> Swingle, <i>Poncirus</i> Raf., e os seus híbridos, excepto os froitos e sementes
4. <i>Cadang-Cadang viroid</i>	Vexetais de <i>Palmae</i> , destinados á plantación, excepto as sementes, orixinarios de países non europeos
5. <i>Cherry leafroll virus</i>	Vexetais de <i>Rubus</i> L., destinados á plantación (Cherry leaf roll virus non se presenta en <i>Rubus</i> L. na Comunidade)
6. <i>Citrus mosaic virus</i>	Vexetais de <i>Citrus</i> L., <i>Fortunella</i> Swingle, <i>Poncirus</i> Raf., e os seus híbridos, excepto os froitos e sementes
7. <i>Citrus tristeza virus</i> (estirpes non europeas)	Vexetais de <i>Citrus</i> L., <i>Fortunella</i> Swingle, <i>Poncirus</i> Raf., e os seus híbridos, excepto os froitos e sementes
8. <i>Leprosis</i>	Vexetais de <i>Citrus</i> L., <i>Fortunella</i> Swingle, <i>Poncirus</i> Raf., e os seus híbridos, excepto os froitos e sementes.
9. <i>Little cherry pathogen</i> (estirpes non europeas)	Vexetais de <i>Prunus cerasus</i> L., <i>Prunus avium</i> L., <i>Prunus incisa</i> Thunb., <i>Prunus sargentii</i> Rehd., <i>Prunus serrula</i> Franch., <i>Prunus serrulata</i> Lindl., <i>Prunus speciosa</i> (Koidz.) Ingram, <i>Prunus subhirtella</i> Miq., <i>Prunus yedoensis</i> Matsum., e os seus híbridos e cultivares, destinados á plantación, excepto as sementes
10. <i>Naturally spreading psorosis</i>	Vexetais de <i>Citrus</i> L., <i>Fortunella</i> Swingle, <i>Poncirus</i> Raf., e os seus híbridos, excepto os froitos e sementes



Especies	Obxecto de contaminación
11. <i>Palm lethal yellowing mycoplasma</i>	Vexetais de <i>Palmae</i> destinados á plantación, excepto as sementes, orixinais de países non europeos
12. <i>Prunus necrotic ringspot virus</i>	Vexetais de <i>Rubus</i> L., destinados á plantación ( <i>Prunus necrotic ringspot virus</i> non se presenta en <i>Rubus</i> L. na Comunidade)
13. <i>Satsuma dwarf virus</i>	Vexetais de <i>Citrus</i> L., <i>Fortunella</i> Swingle, <i>Poncirus</i> Raf., e os seus híbridos, excepto os froitos e sementes
14. <i>Tatter leaf virus</i>	Vexetais de <i>Citrus</i> L., <i>Fortunella</i> Swingle, <i>Poncirus</i> Raf., e os seus híbridos, excepto os froitos e sementes
15. <i>Witches' broom</i> (MLO)	Vexetais de <i>Citrus</i> L., <i>Fortunella</i> Swingle, <i>Poncirus</i> Raf., e os seus híbridos, excepto os froitos e sementes

## Sección II

ORGANISMOS NOCIVOS DE CUXA PRESENZA SE TEN CONSTANCIA NA COMUNIDADE E CUXOS EFECTOS SON IMPORTANTES PARA TODA ELA

## a) Insectos, ácaros e nematodos, en todas as fases do seu desenvolvemento

Especies	Obxecto de contaminación
1. <i>Aphelenchoides besseyi</i> Christie	Vexetais de <i>Fragaria</i> L., destinados á plantación, excepto as sementes
2. <i>Daktulosphaira vitifoliae</i> (Fitch)	Vexetais de <i>Vitis</i> L., excepto os froitos e sementes
3. <i>Ditylenchus destructor</i> Thorne	Bulbos de flores e cormos de <i>Crocus</i> L., cultivados en miniatura e os seus híbridos do xénero <i>Gladiolus</i> Tourn. ex L., como <i>Gladiolus callianthus</i> Marais, <i>Gladiolus colvillei</i> Sweet, <i>Gladiolus nanus</i> hort., <i>Gladiolus ramosus</i> hort., <i>Gladiolus tubergenii</i> hort., <i>Hyacinthus</i> L., <i>Iris</i> L., <i>Trigridia</i> Juss, <i>Tulipa</i> L., destinados á plantación e tubérculos de pataca ( <i>Solanum tuberosum</i> L.), destinados á plantación
4. <i>Ditylenchus dipsaci</i> (Kühn) Filipjev	Sementes e bulbos de <i>Allium ascalonicum</i> L., <i>Allium cepa</i> L. e <i>Allium schoenoprasum</i> L., destinados á plantación, e vexetais de <i>Allium porrum</i> L. destinados á plantación, bulbos e cormos de <i>Camassia</i> Lindl., <i>Chionodoxa</i> Boiss., <i>Crocus flavus</i> Weston <<Golden Yellow>>, <i>Galanthus</i> L. <i>Galtonia candicans</i> (Baker) Decne, <i>Hyacinthus</i> L., <i>Ismene</i> Herbert, <i>Muscari</i> Miller, <i>Narcissus</i> L., <i>Ornithogalum</i> L., <i>Puschkinia</i> Adams, <i>Scilla</i> L., <i>Tulipa</i> L., destinados á plantación, e sementes de <i>Medicago sativa</i> L.
5. <i>Circulifer haematoceps</i>	Vexetais de <i>Citrus</i> L., <i>Fortunella</i> Swingle, <i>Poncirus</i> Raf., e os seus híbridos, excepto os froitos e sementes
6. <i>Circulifer tenellus</i>	Vexetais de <i>Citrus</i> L., <i>Fortunella</i> Swingle, <i>Poncirus</i> Raf., e os seus híbridos, excepto os froitos e sementes
6.1. <i>Eutetranychus orientalis</i> Klein	Vexetais de <i>Citrus</i> L., <i>Fortunella</i> Swingle, <i>Poncirus</i> Raf., e os seus híbridos, excepto os froitos e sementes
7. <i>Radopholus similis</i> (Cobb) Thorne	Vexetais de <i>Araceae</i> , <i>Marantaceae</i> , <i>Musaceae</i> , <i>Persea</i> spp., <i>Strelitziaceae</i> , con raíces ou medio de cultivo unido ou adxunto
8. <i>Liriomyza huidobrensis</i> (Blanchard)	Flores cortadas, hortalizas de follas de <i>Apium graveolens</i> L., e vexetais de especies herbáceas, destinados á plantación excepto: <ul style="list-style-type: none"> <li>- bulbos</li> <li>- cormos</li> <li>- vexetais da familia de Gramineae</li> <li>- rizomas</li> <li>- sementes</li> </ul>
9. <i>Liriomyza trifolii</i> (Burgess)	Flores cortadas, hortalizas de follas de <i>Apium graveolens</i> L., e vexetais de especies herbáceas, destinados á plantación excepto: <ul style="list-style-type: none"> <li>- bulbos</li> <li>- cormos</li> <li>- vexetais da familia Gramineae</li> <li>- rizomas</li> <li>- sementes</li> </ul>

**b) Bacterias**

Especies	Obxecto de contaminación
1. <i>Clavibacter michiganensis</i> spp. <i>insidiosus</i> (McCulloch) Davis et al.	Sementes de <i>Medicago sativa</i> L.
2. <i>Clavibacter michiganensis</i> spp. <i>michiganensis</i> (Smith) Davis et al.	Vexetais de <i>Lycopersicon lycopersicum</i> (L.) Karsten ex Farw., destinados á plantación
3. <i>Erwinia amylovora</i> (Burr.) Winsl. et al.	Vexetais de <i>Amelanchier</i> Med, <i>Chaenomeles</i> Lindl., <i>Cotoneaster</i> Ehrh., <i>Crataegus</i> L., <i>Cydonia</i> Mill., <i>Eriobotrya</i> Lindl., <i>Malus</i> Mill., <i>Mespilus</i> L., <i>Photinia davidiana</i> (Dcne.) Cardot, <i>Pyracantha</i> Roem., <i>Pyrus</i> L. e <i>Sorbus</i> L., destinados á plantación, excepto as sementes
